

VIEIROS

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Calros Solla: Almanaque de encantos

Ácido desoxirribonucleico

Almanaque de encantos

Calros Solla

Cardeñoso, Vigo, 2005

O incombustible Calros Solla continua coa súa teima de alzar na palma da man, por riba do outeiro de Chamadoira, a parroquia de Cercedo para nomeala capital do mundo nesta nova entrega, *Almanaque de Encantos*, tras facer estoupar os foguetes de tres estralos cos seus derradeiros poemarios *Ras e Tritongos*, *Cercedo in the Voyager I* anunciando as festas patronais de San Xoán.

- 19:44 19/02/2006

Non nos chamemos a engano, Calros Solla poeta é un transgresor, un cu de mal asentado, que xa nos seus libros anteriores pon ao clareo a súa mellor retransca, os chocalleiros xogos fonéticos, a lactosa polisemia, para deleitar ao lector. Porén, neste libro, cambia de hábitos, inclinándose polo Solla académico, antropólogo, filolóxico, un concienciado arqueólogo que cunha paletina vai varrendo a superficie dos ósos, apartando os argueiros de po, para dar á luz dos ollos do lector curioso innegábeis alfaías do pasado: pasmantes achados etimolóxicos que fan referencia ás expresións populares que grazas ao feitizo da metáfora cobran vida; elabora un santoral a xeito de inflexible devocionario de penitentes; un roteiro para peregrinos desnortados, e un fardel de lendas capaz de inflamar a esca da imaxinación do máis acérrimo incrédulo. Neste *Almanaque de encantos* avoga por un ton ensaístico, mais sen deixar de lado xa que o tema o require certos propósitos literarios como poñer en boca dun paisano unha lenda, certas incursións no relato breve, poemas populares, un extenso dicionario onomástico ou elaborar un conciso manual de palabras e expresións que están, sen dúbida, destinadas a perderse en canto os habitantes oriúndos de Cercedo, castigado pola emigración, como case todas as aldeas galegas, empecen esoutra e inevitable emigración chamados polo tintinar das chaves do bedel San Pedro. É, polo tanto, un desafío á historia, un amago para intentarlle facer un corte de mangas ao tempo, tan raposeiro, que se vai levando as cousas que amamos e nos importan. Un libro necesario, un esforzo desmesurado, case en van, por salvar unha argana de herba da inclemente interrogante da fouciña.

Non se trata dun libro para neófitos, máis ben para investigadores e curiosos do idioma, pese a que o formato nun principio pode convidar a equívocos. Quizais sexa un pouco duro de roer debido á tipografía, a certa crueza das ilustracións, e a rebuscada necesaria polo tema recreación da lingua, moi elaborada, rica en matices, abraiante en encontros. Un libro para saborear, para ver á contraluz, calcular a olo a cantidade de alcol, a cor, e apurar ata as feces. Unha milenaria pegada dactilar sobre a terra de Cercedo.

Por fin o noso ADN en letra impresa.